

# CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE LALÍN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO INTEGRAL DE SAÚDE.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2018

## REUNIDOS

Dunha parte, **D. Jesús Vázquez Almuiña**, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito a dita consellería, actuado en nome e representación deste último, e no exercicio das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade co Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde e co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Doutra parte, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, actuando en nome e representación do Concello de Lalín, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada corporación, segundo o disposto nos artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

As partes intervenientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio, e para iso,

## EXPOÑEN

I. Que a fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da colectividade, mediante unha máis rápida atención asistencial ao cidadán, faise necesario a

construción dun Centro Integral de Saúde no Concello de Lalín que acollerá ao actual centro de saúde e ás instalacións sanitarias que se autoricen no plan funcional.

II. As partes asinantes, consideran que este convenio resulta esencial para que cada unha delas asuma as obrigas necesarias de cara a posta en marcha dun proxecto que preste unha atención máis especializada na area rural.

III. Polo tanto, ambas partes entenden, que parece razoable que o executado debe cumprir cos requisitos tanto da Administración sanitaria como da Administración municipal, conxugando as necesidades asistenciais co ordenamento urbanístico e de infraestruturas do concello.

IV. Conscientes de dita necesidade as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado. Por iso e a fin de levar adiante o proxecto das citadas obras de construción, é necesaria a concorrencia de medios e achegas de ambas as dúas partes interesadas, polo que é preciso determinar o contido da dita colaboración.

Por todo isto, formalizan o presente convenio de acordo coas seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **Primeira. *Obxecto***

O obxecto do presente Convenio é establecer a colaboración entre o Concello de Lalín e o Servizo Galego de Saúde para a construción dun novo centro de saúde que ademais conteña as instalacións sanitarias que se autoricen no plan funcional e que pasará a ser un Centro Integral de Saúde na comarca de Deza.

### **Segunda. *Compromisos do Concello de Lalín***

1. Que o Concello de Lalín comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios a fin de posibilitar a cesión patrimonial ao Servizo

Galego de Saúde dunha parcela. A parcela deberá ser entregada libre de cargas e gravames, sen reserva algunha, coa clasificación de uso sanitario e o Concello comprométese a obter os permisos e autorizacións que foran necesarios para executar as obras de construción do novo centro.

2. De acordo co anterior co fin de tramitar a cesión da propiedade da parcela, o Concello remitirá ao Servizo Galego de Saúde a seguinte documentación:

- Certificación do Acordo do Pleno da corporación municipal cedendo ao Servizo Galego de Saúde a parcela, indicando referencia catastral, este acordo é necesario dado que o acordo plenario do 30/01/2012 puña a disposición un terreo pero non o cedía de forma gratuíta, nin facía referencia ao rexistro catastral das fincas agrupadas.
- Certificación do cumprimento do establecido nos artigos 109 e 110 do Real Decreto 1372/1986 do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais.
- Certificación do rexistro da propiedade de titularidade, con indicación de que os bens a transferir teñen carácter patrimonial e situación de cargas e gravames.
- Certificado catastral único da finca agrupada.

3. Posteriormente, e previa autorización do Consello da Xunta, a cesión será elevada a escritura pública e inscrita no rexistro da propiedade. A devandita escritura contemplará o dereito de reversión a favor do concello no suposto de que o inmovible a construír deixara de prestar servizo como Centro Integral de Saúde, e tamén no suposto de non cumprir coa obriga de construción e posta en funcionamento de centro sanitario.

4. O Concello de Lalín asumirá todos os gastos necesarios para dotar á parcela do Centro Integral de Saúde das infraestruturas necesarias, tales como accesos rodados e peonís, abastecemento de auga, saneamento, subministración eléctrica, alumado, telefonía, aparcamento etc. Estas infraestruturas deberán estar realizadas á entrada en funcionamento do centro integral de saúde.

No caso do aparcamento, se na parcela a ceder conta con espazo suficiente para crear en superficie as prazas de aparcamento segundo a lei de urbanización, o Servizo

Galego de Saúde podería facerse cargo delas xunto coa obra de construción do edificio, en caso contrario o Concello de Lalín responsabilizárase das restantes prazas que obrigase a lexislación urbanísticas.

5. O Concello de Lalín comprométese a regular nas ordenanzas fiscais a exención a favor dos centros sanitarios titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Servizo Galego de Saúde, do pagamento do imposto sobre bens inmobles, de conformidade co previsto no artigo 62.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como de calquera tipo de taxas e prezos públicos que non se correspondan con servizos que se prestan de xeito continuado.

### ***Terceira. Compromisos do Servizo Galego de Saúde***

1. O Servizo Galego de Saúde comprométese á elaboración, e de ser o caso, á supervisión e á aprobación do proxecto técnico, así como a contratar, dirixir e executar as obras de construción do Centro Integral de Saúde, con cargo aos seus orzamentos. Para tal fin, a Corporación deberá facilitarlle ao dito organismo, toda a documentación que sexa necesaria para a redacción do proxecto de obras (planos topográficos, información urbanística, características das infraestruturas existentes, así como o proxecto de urbanización), incluídas as licencias e demais permisos urbanísticos ou de obras que sexan necesarios.

2. O Servizo Galego de Saúde farase cargo do pago das taxas de licenzas e imposto sobre construcións, instalacións e obras, facendo uso da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, onde se establece unha bonificación do 95% a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego. O Servizo Galego de Saúde solicitará a declaración ao Pleno da Corporación do especial interese ou utilidade pública.

#### ***Cuarta. Comisión de seguimento, vixilancia e control***

Constituirase unha comisión de seguimento que interprete e asegure o bo fin e cumprimento do obxecto deste Convenio así como que resolva as controversias xurdidas como consecuencia da execución deste.

A comisión estará formada por dous representantes de cada unha das partes, nomeados polos seus máximos responsables. A comisión reunirase por solicitude dunha das partes asinantes, considerándose constituída se asiste polo menos un dos representantes de cada entidade.

#### ***Quinta. Causas de resolución***

O incumprimento de calquera das obrigas establecidas neste documento dará lugar á resolución do mesmo e no seu caso, a indemnización dos danos e perdas causados.

#### ***Sexta. Natureza do convenio***

Este Convenio ten carácter administrativo, quedando as partes que subscriben suxeitas á xurisdición contencioso- administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na aplicación deste.

#### ***Sétima. Vixencia***

O presente Convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata o estrito cumprimento de todos os seus termos, estando sometido ao límite establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, incluída a súa prórroga.

#### ***Oitava. Publicidade***

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poda facer

públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Así queda redactado o presente Convenio que, en proba de conformidade asinan os comparecentes, por triplicado exemplar no lugar e data indicados ao inicio.

**POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

**POLO CONCELLO DE LALÍN**

**Jesús Vázquez Almuiña**

**Rafael Cuíña Aparicio**